

ACTIVIDADES MUSICAIS

Eu quedo na casa!



RECORDADE: SON ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Todas estas actividades podedes gravalas ou sacarlles unha fotografía e envialas ao seguinte e-mail:

bolboretafeiticeira@gmail.com

(e-mail da profe de música, Bea)

Agradecemos que indiquedes o voso nome e a clase a que pertencedes ou o nome da titora.







1. RECORDEMOS: ESTAMOS NA PRIMAVERA

Esta semana é a última do mes de abril polo que faremos un repasiño por algunhas das actividades propostas nas anteriores semanas.


Unha **CANCIÓN** que sei polo mensaxes que vos encantou foi coa que recibimos a primavera.

<https://www.youtube.com/watch?v=MULHfNXP0C8&pbjreload=10>

A canción sempre ven unida a unha **ACTIVIDADE** e quédome coa bolboreta feita coas mans e os pes (as fotos que mandastes encantáronme) e animo a quen non a fixo que a faga xa que é un experiencia sensacional.



2. RECORDEMOS: MANUALIDADES



Nestas semanas fixemos distintas **MANUALIDADES**, algunhas delas relacionadas con instrumentos para acompañar as cancións de Lydia Botana (como xa vimos no cole e no concerto ao que fomos en A Coruña). Fixemos: maracas, botellas afinadas e un botellófono.

Recibín varias fotos pero... quedeime con ganas de ver máis árbores nas fiestras decoradas con animais, flores...

Recordade que para traballar, a música relaxante ven estupendamente e favorece a concentración.

<https://www.youtube.com/watch?v=SrydkUYUoYo>




3. RECORDEMOS: CONTA CONTO MUSICAL



Escoitamos varios **CONTOS MUSICAIS** e podiamos facer actividades relacionadas: A Primavera, Veo veo e Miau.



Propoño que elixades o que máis vos gustou ou o que non fixestes e retomalo facendo os personaxes ou algún xogo.




1. <https://www.youtube.com/watch?v=kwCnBYs2QvA>

2. <https://www.youtube.com/watch?v=tUVRm2WWHTU&t=110s>

3. <https://www.youtube.com/watch?v=UVt93MS-H9Q>




4. RECORDAMOS: XOGO DE MANS E DEDOS



Nestas semanas fixemos diferentes xogos de palmas, de dedos... e a continuación aparecen os enlaces ás cancións para que sigades practicando xa que son exercicios moi beneficios para o desenvolvemento dos nenos e nenas.

Animo! A xogar!

1. Chocolate <https://www.youtube.com/watch?v=Mg8qiq4sjjM>
2. El pollito <https://www.youtube.com/watch?v=UJjE3biof6g>
3. Pica Piedra <https://www.youtube.com/watch?v=UQ34zIP3gsE>



5. RECORDAMOS: MARCANDO O RITMO





Tamén fomos repasando e aprendendo RITMOS diferentes.

Cada neno e nena ten o seu desenvolvemento, o seu ritmo de aprendizaxe e hai que respetalo polo que pouco a pouco, con practica irá conseguindo facelo.

Deixamos os enlaces dos ritmos propostos:



1. Mariposa-Pan <https://www.youtube.com/watch?v=KLSf36iPqu8&t=1s>
2. Oso-Come-Miel <https://www.youtube.com/watch?v=v1EKhCtt5RY>
3. The Clap Clap Song <https://www.youtube.com/watch?v=SruVR2fBQWE>



6. RECORDEMOS: CANCIÓN EN LSE



A continuación aparecen os enlaces as cancións tan marchosas interpretadas a **LINGUA DE SIGNOS**. Animámosvos a bailar e desfrutar con elas e se aproveitades para aprender algún signo... De maravilla!

1. Madre Tierra <https://www.youtube.com/watch?v=qrJ4086tRH0>
2. Bajo el mismo sol <https://www.youtube.com/watch?v=Bq3--LzlcHc>
3. Seguiremos <https://www.youtube.com/watch?v=B0QSNrukSKM>

Deixade sitio no salón e... a mover o corpo!



7. ADIVIÑA SONS: Sons da rúa



Esta é unha **NOVA PROPOSTA**, xa que podedes saír da casa aínda que sexa pouco tempo. Nesta ocasión tedes que adiviñar os sons que se producen na rúa.

Xa sabedes que esta actividade require moita concentración. Intentade só escoitar, sen mirar o vídeo, xa que vos dan pistas mostrando a sombra.

https://www.youtube.com/watch?v=9I07C5_MJY4

Cando vaiades á rúa estade moi atentos a ver se escoitades algún son e sabedes identificalo.

Recordade ao chegar a casa lavade ben as mans!

